

É obrigatorio cubrir todos os apartados da memoria. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliá-la, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente.

NOME DA ENTIDADE: ANPA O Areal da EEI Fernández Varela

NIF: G15170392

CONCELLO AO QUE PERTENCE: Pobra do Caramiñal

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 3.335,97 €

SUBVENCIÓN SOLICITADA: 2.668,78 €

TIPO DE ENTIDADE (marcar unicamente unha opción)			
A. Cultural	B. Veciñal	C. Educativa X	D. Social e/ou asistencial

INTERESE DO INVESTIMENTO PRESENTADO

1. Descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3

Queremos dotar á nosa entidade con catro portátiles, oito tablets e doce módems de conexión USB para que nos sirvan de apoio nas actividades que imos a desenvolver no curso 2021 debido a que a meirande parte van a ter que ser de modo telemático por mor da situación que estamos a vivir derivada da pandemia da CoVID-19.

Solicitamos un portátil e dúas tablets por clase dado que a escola está dividida en grupos burbulla que non poden ter contacto entre eles e as nosas actividades extraescolares que ofertamos e o comedor tamén están} así estruturados.

No caso de decretarse un novo confinamento, ou que houbo algún brote, estes equipos poñeríanse a disposición das familias para que as nenas e nenos tivesen garantido o acceso a internet para continuar a súa formación tanto da escola como das actividades propostas pola nosa entidade.

2. Explicación da necesidade do investimento (para que actividades se precisa, que tipo de proxectos se queren facer a partir dese investimento ou con el, etc). Xustificación argumentativa do interese do investimento para o desenvolvemento das actividades da entidade e da súa repercusión na comunidade usuaria (número de entidades diferentes ás que beneficia, impacto na veciñanza, etc) **As actividades para as que se utilice o investimento obxecto da solicitude non poderán ser actividades excluídas dentro do programa FO203.**

A día de hoxe consideramos totalmente necesario que calquera entidade educativa esté dotada informaticamente. Ata o de agora, no desenvolvemento das nosas actividades non era preciso dado que no alumnado da etapa infantil baseábase nas nosas experiencias en xogos, saídas, contacontos, actividades dirixidas... onde a base radicaba no contacto, tan importante para esta etapa formativa en

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria

onde ver, sentir e tocar se manifestaba de primeira necesidade.

A nova situación derivada da pandemia na que estamos inmersos obrigounos a todos a reinventarnos e a buscar as saídas necesarias para que a súa formación non se deteña e para que continúe o menos alterada que nos sexa posible. Por este motivo nos vemos forzados a darlle unha volta a todo o plantexamento de experiencias e agora a meirande delas pasan a ser telemáticas e a través de pantallas.

A nosa entidade non conta a día de hoxe con ningún equipo informático, aínda que estamos facendo uso do que ten a escola, consideramos que é preciso dotarnos para que ningunha familia se quede excluída a hora de poder participar nunha actividade por non ter o equipamento necesario.

Por desgraza son cada vez máis ñas familias que non teñen os recursos suficientes e nós ñ traballamos directamente cos servizos sociais da Pobra para axudalos en todo o posible. Cando hai escaseza o primeiro que se deixa de lado son as tecnoloxías dado que comer e pagar alugueiros e servizos básicos pasa a ser o primordial e por iso nos gustaría garantir que as familias socias poidan ter acceso a un equipo e conexión a internet, esencial hoxe en día para unha correcta formación.

Moitas das actividades propostas para o 2021 e que veñen enumeradas na memoria van a facerse telemáticas e moitas outras apoiaranse tamén nestes equipos, dos que aínda que como comentábase antes, podemos solicitar ó centro, non sempre son suficientes ou están en uso nese momento.

ACTIVIDADES DA ENTIDADE

3. Memoria explicativa das actividades que se van a realizar pola entidade.

A entidade que representamos ten unha longa traxectoria axudando ás familias na conciliación familiar e laboral encargándose de organizar actividades a continuación do servizo comedor (tamén xestionado pola mesma) para dar continuidade á xornada escolar dos cativos e cativas. A nosa labor na búsqueda de actividades centrouse en ampliar a oferta de anos anteriores con contidos que permiten ós nenos e nenas acadar unha maior autonomía, fomentar a diversidade e reforzar os coñecementos en distintas disciplinas e tamén facelo dende a diversidade. Debido á situación sanitaria tivemos que prescindir de moitas das actividades que víñamos levando a cabo nos cursos anteriores pero, aínda que con moito traballo, conseguimos manter a conciliación ofertando unha cada día. Ximnasia acrobática, música na diversidade, street dance, teatro e clube de arte foron a nosa aposta para este curso, combinando a actividade física coa creatividade e o desenvolvemento artístico. Unha das nosas grandes apostas é a actividade de música na diversidade onde se pretende facelos partícipes na inclusión, familiarizándoos mediante a música coa linguaxe de señas, tan importante para a relación coas persoas con dificultades auditivas.

No eido das celebracións escolares, como non sabemos cal vai a ser o avance da situación sanitaria, a nosa postura este ano (como xa vimos facendo dende marzo do ano pasado) será colaborar e

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria

complementar as actividades realizadas na escola para chegar a tódolos nenos e nenas, axudando a manter vivas todas elas. Seguiremos traballando activamente co claustro para acompañalos nas actividades do Día da Paz, o Día da Muller, Entroido, Día do Medio Ambiente, Letras Galegas e calquera outra que se decida levar a cabo.

A principal diferenza deste proxecto cos que viñemos presentando ata o de agora radica en que queremos que os nenos e nenas sexan os que nos conten as súas experiencias, de ahí o nome do proxecto. A nosa función será guialos nas experiencias para ver como eles as recibiron e son capaces de trasladalo ó resto da comunidade, devolvendo o adquirido.

Creemos que a finalidade da etapa infantil que están vivindo os nosos fillos e fillas radica en aprender a coñecerse e tamén ó seu entorno máis próximo, física, psicolóxica e culturamente e sempre facéndoo dende o respecto, a inclusión e a igualdade para sentar as bases dos adultos que nos gustaría que chegasen a ser. Por ese motivo tódalas actividades recollidas neste proxecto radican nese eixo común do coñecemento do seu entorno, e por ende do noso.

Temos en marcha unha actividade na cal propoñemos ás familias socias e tamén a tódalas familias con nenos en etapa infantil, sexan ou non do noso centro, que queiran participar, a que nos leven de excursión a algunha parte do noso concello que teña interese cultural. Cada participante ten que describir nunha pequena reseña o que máis lle gustou do sitio visitado e pode acompañalo con debuxos e/ou fotografías. Estableceremos tres categorías diferentes en función do curso escolar ó que pertencen e para incentivar a participación das familias premiaremos o máis destacado de cada categoría valorando o esforzo e a creatividade. Para tódolos participantes daremos uns agasallos que nos elaborarán no taller de AMBAR (asociación da nosa comarca que atende a persoas con diversidade funcional), así á vez que premiamos a participación estamos colaborando cos compañeiros desta asociación e acercándoos así ó día a día dos nosos pequenos. Con tódolos traballos realizados imos a elaborar unha revista que distribuiremos a tódolos centros educativos do concello e tamén á oficina de turismo da Pobra, para que calquera persoa que nos visite teña a oportunidade de ver as recomendacións dos mellores guías turísticos.

Seguindo ca colaboración con AMBAR temos previsto facer, no momento que se permita, unha visita ás súas instalacións para ver o seu horto e as súas dependencias e que os nenos e nenas poidan velos no seu entorno para coñecelos mellor. Mentras a situación non sexa a idónea para as visitas presenciais estamos ideando unha representación sobre inclusión telemática que encadraremos na semana da orientación.

Temos a gran sorte de ter como veciños inmediatos ós integrantes do CAD (Centro de Atención á Dependencia), que este ano tamén van a participar, telemáticamente mentras non poida ser doutra maneira, nuns contacontos. A intención é, unha vez máis, achegar ós cativos e cativas á diversidade das persoas. Se a situación mellorase moito a idea é poder facer unha obra teatral conxunta, unificando para estas actividades sendos grupos de teatro.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria

Parecíanos que no proxecto non podía faltar unha actividade para conciencialos sobre o respecto animal. Para este fin, contactamos cos dous colectivos de protección animal que temos máis cercanos, REDNA Pobra e Callejeros Barbanza, para facer dúas sesións, unha con cada unha, nas que se lles transmita a responsabilidade do coidado dun animal e o respecto ós mesmos.

Preparamos unha actividade orientada a que coñezcan o medio ambiente. Elaboramos unha serie de actividades que se lles darán para traballar na casa, involucrando á familia, na procura de que eles sexan os que exploren e se impliquen para coñecer as respostas ás actividades propostas: ¿Cómo nacen os animais e as prantas? ¿Cómo viven? ¿Cómo se relacionan co medio? Estas liñas de investigación van a incentivar que eles salan a descubrir o modo de vida de cada grupo a partir das nosas propostas. Enviaranse ás familias de modo gradual e unha vez devoltas á ANPA prepararase no cole unha mostra para ver en conxunto e que eles conten as experiencias acadadas. Se a situación o permite esta mostra estaría aberta ás familias.

No outono, confiando en que a situación sexa a propicia, farase unha saída pola nosa bisbarra a pé para mostrarlles de primeira man a riqueza ambiental que temos ó redor. Faremos uns talleres de micoloxía orientados a que eles comecen a ter as nocións básicas para saber diferenciar especies comestibles e tóxicas e a importancia de non tocar o que non coñecemos. Todo isto adaptado á súa idade e novamente farase un traballo de campo da saída que eles poderán expoñer na escola para os profesores, os compañeiros e compañeiras e o resto de familias.

Aproveitaremos as festividades para encaixar contos e obras de teatro, nas primeiras telemáticas e segundo se poida presenciais, que teñan relación coa data escollida pero que continúen traballando a inclusión.

No vindeiro curso, unha vez máis esperando que a situación nolo permita, levarase a cabo un obradoiro de integración con AMICOS (asociación que atende a persoas con diversidade funcional) mediante o que lles fagan poñerse no lugar das persoas con capacidades diferentes, porque, como explicamos nun principio o fin deste proxecto é acadar as experiencias a través dos seus ollos e neste punto do proxecto serán eles os que miren dende outros ollos.

Para brindar apoio a profesorado e familias imos poñer en marcha as seguintes actividades de formación porque “A través dos seus ollos” como proxecto que abarca conceptos como a **atención á diversidade** nun mundo plural, onde todos e todas somos diferentes e onde cadaquén debe ser quen de amosar as súas fortalezas e potencialidades, porque todas e todos teñen cabida; a **inclusión** real como valor que implica escoitar e pensar dende o cerebro de cada neno e nena que aprende, cara unha igualdade real e efectiva. Neste sentido cremos que precisamos formarnos todos os axentes implicados na educación dos nosos nenos e nenas, e parafraseando a Xosé Antonio Fernández Bravo ,

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria

e co cal non podemos estar máis dacordo “Hai que ensinar dende o cerebro do que aprende, cunha metodoloxía baseada no RESPECTO, que implica ESCOITAR ao neno , para conseguir que novos horizontes se abran, que novas tarefas se presenten” porque moitas veces “preocúpanos tanto o futuro que non vemos, máis que o presente que miramos”. escoitar implica ensinar dende o cerebro do que aprende; preguntarse por qué fan o que fan e por qué din o que din, e atopar respostas; observar e atender os seus intereses e as súas reaccións; partir do seu vocabulario; entender o que pensan e non quedar só co que din; modificar accións en función da necesidade do que aprende; provocar sorrisos e ganas de seguir aprendendo.... Este é un dos nosos obxectivos co proxecto que presentamos. E non se nos ocorreu mellor poñente que Xosé Antonio Fernández Bravo para axudarnos a levalo a bo fin.

- Doutor en Ciencias da Educación, pola especialidade de Didáctica (2000) (UNED). (Tesis doctoral: Efectos de la invención-reconstrucción de situaciones problemáticas para el aprendizaje de la Matemática).
- Máster en lóxica formal, simbólica e matemática. Máster de formación en docencia e investigación para a educación superior.
- Licenciado en Filosofía -Lóxica Simbólica e Matemática-(1990) (UCM). Diplomado en Maxisterio -Ciencias e Matemáticas- (1984) (UAM).
- Acreditado como profesor universitario para Didáctica escolar e Didáctica da Matemática pola Axencia Nacional para a Evaluación da Calidade e Acreditación (ANECA). Profesor de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (1986-2003). Profesor de universidad nas asignaturas de Didáctica da Matemática e Desenvolvemento do pensamento Lóxico e Matemático.
- Director da Cátedra Conchita Sánchez de Investigación para a Educación Matemática (Centro de Enseñanza Superior Don Bosco – Universidad Complutense de Madrid) (2001-actualidad). -
- Decano da Facultade de Educación (2012-2016). Investigación de procesos para a innovación educativa en España, Canadá, USA (Michigan), Paraguay, Perú, Colombia, México, Alemania, Italia, ... Director de seis Proxectos Europeos Leonardo de Investigación e Innovación Educativa. Colaborador do departamento de Primeira Infancia e Educación Inclusiva da UNESCO.
- Premio de Metodoloxía Creativa (Italia, Reggio Emilia, 2009), polo libro “La resolución de problemas matemáticos. Creatividad y razonamiento en la mente de los niños”. Extensa formación do profesorado e difusión en Congresos Nacionais e Internacionais.

Autor de 122 obras sobre aprendizaxe de Matemática e Educación. Último libro publicado pola Editorial CCS: “La sonrisa del conocimiento. Un método para enseñar a aprender y aprender a saber”.

<https://www.facebook.com/fdezbravo>

<http://centropedagogicofernandezbravo.com>

INSTAGRAM: joseantoniofernandezbravo

TWITTER. @FDEZBRAVO

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria

MEMORIA EXPLICATIVA DO INVESTIMENTO

FO204

OBRAS <i>Cubrir unicamente no caso de obras:</i>	
4. Declaracións e compromisos	
<i>(Marcar cunha x)</i>	
<input type="checkbox"/>	A entidade que represento, no caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, definirá a fase no informe técnico e comprométese a que a fase para a que solicita a axuda sea susceptible de utilización independente, e declara que a entidade conta co financiamento necesario para desenvolver as seguintes fases.
<input type="checkbox"/>	A entidade que represento declara que posúe a propiedade ou dereito real sobre o ben inmoble, ou no caso de arrendamento que o prazo de vixencia do mesmo é de cinco anos ou máis e ten autorización escrita do propietario para a realización das obras
<input type="checkbox"/>	A entidade que represento comprométese a obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.
<input type="checkbox"/>	A entidade que represento comprométese a manter a adscrición do ben aos fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos en caso de bens inventariables.
<input type="checkbox"/>	A entidade que represento comprométese, cando corresponda, a inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben .

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria